



**GALAXIA**

**MAN**  
**MA**



**OUR**





## A literatura infantil

por Xohana Torres

“Canto máis fondas señan as raiceiras que un neno crave na cultura da súa propia nación, así de vizosa e creadora será nas relacións que poderá establecer coas outras comunidades de cultura.”

P. GEHEER

Non é doado facer literatura infantil. O traballo literario adicado aos nenos é soslaido case sempre polos escritores por consideralo un xénero menor. Non embargantes, si pensamos que son os primeiros libros laboratorios educativos capaces de crear neles unha verdadeira atención pola lectura, que familiarizan a estes nenos coa cultura e axúdanlles a ampliar o radio dos seus coñecementos, velahí pois un xénero moi dino de telo en conta.

Non é fácil escribir pra os pícaros. O creador de hoxe ten que desterrar a estrana doencia estendida, para comodidade das casas editoras, de que a literatura infantil esixe unha temática “especial” i estes especiais temas son na maioría dos casos, convencionais, pelegríns, pantásticos. A vida moderna forma unha xeneración de nenos pra os que o ritmo lento dunha historia chea de poéticas imáxenes non lles ofrece ningún interese e as vellas fórmulas de o “había unha vez” perdéu en moitos casos o seu encanto. A labourea do gran escritor pra os nenos será primeiro decatarse de que calquer tema é válido, botar unha ollada ao mundo arredor, establecer un canle con ese mundo e logo entregalo aos rapaces de xeito atractivo, simple, sinxelo.

A literatura infantil en galego nace e desenrólase nos derradeiros dez anos coma consecuencia natural do florecer da cultura galega en todos os campos: narrativa, economía, socioloxía, ensaios, etc. Convén destacar coma un importante punto de arranque a colaboración coa Editorial “La Galera” de Cataluña nas traducións dos contos no ano 1967 de *O abeto valente*, *O globo de papel* e no 1968 *Unha nova terra*, *Todos os nenos do mundo seremos amigos* e a edición do conto *Polo mar van as sardiñas*. Laureano Prieto presenta *Contos pra nenos* (1967) e os contos populares de tradición oral apáñanse no seu medio e así aparecen *O lobo e o raposo* (1967), *Don Gaifar e o tesouro* (1970), *Cousas de Xan e Pedro* (1971).

É sobresaínte a tarefa da “Agrupación Cultural” da Cruña “O Facho”, que organiza dende o ano 1968 un Concurso de Contos infantís, con gran éxito e onde destacados escritores pónense ao servizo dos nenos con narracións de notable valía: Carlos Casares, ganador do primeiro premio en 1968 con *A Galiña azul*, Bernardino Graña, ganador do

II concurso con *O león e o paxaro rebelde*. Arcadio López Casanova no 1973 presenta *O bosque de Ouriol*. Edítanse tamén *O neno mentirán e o lobo* (1972) de F. Delgado Rodríguez e *O espantapaxaros* de Agrelo Hermo. Narración engaiolante a de Emilio Gregorio Fernández con *Miúdo e a campaña dos grilos* e o conto escrito polo neno Xoan Carlos Arias, obra auténticamente infantil cun vocabulario zugoso, auténtico.

Destaquemos de novo a fina sensibilidade de Carlos Casares coa requintada tradución de *O principiño* de St. Exupéry e a peza de teatro *As laranxas, máis laranxas de todas as laranxas*, ganadora no ano 1973 do concurso de teatro infantil patrocinado pola agrupación "O Facho".

Quizáis non haxa outra literatura na que destaquen con tan poucos números, contos tan espléndidamente conseguidos, narracións tan valiosas, iluminadas polos mesmos nenos artistas —Trichi, Ilda, Mima, Alberto— e por grandes dibuxantes da sona de Seoane ou Virxilio.

